

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 31 de marzo de 2022 pola que se convoca o Programa de autoformación para o persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, así como para o persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

En liña coa decidida aposta da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) polo uso de modernas modalidades de formación e metodoloxías de ensino, esta convocatoria supón a consolidación do Programa de autoformación, programa iniciado no ano 2013 e que, verificada a súa ampla aceptación entre as persoas destinatarias, este ano renova os seus contidos formativos para incluír novos temas de interese.

A autoformación oríentase cara á adquisición de coñecementos e habilidades de xeito autónomo, pois a persoa participante asume un papel activo no proceso de aprendizaxe a través do emprego das tecnoloxías da información e da comunicación. Ao mesmo tempo, esta modalidade permite achegar as actividades da Escola a un maior número de persoas ao servizo da Administración, especialmente a aquelas que, por barreiras xeográficas ou razóns de conciliación, non poden optar pola modalidade presencial. Ademais, con este programa procúrase unha maior independencia do alumnado para elaborar o seu propio plan de aprendizaxe, sen o condicionamento dos prazos.

Polo demais, o Programa de autoformación continúa efectuando unha oferta formativa conxunta e, en tal sentido, diríxese a todo o persoal ao servizo das diferentes administracións da comunidade autónoma, mediante a oferta dun amplo abano de cursos relativos a diferentes áreas formativas que facilitan a capacitación para o desenvolvemento eficiente de calquera posto de traballo.

As persoas que desexen participar no Programa de autoformación dispoñen de dúas opcións, compatibles entre elas pero independentes unha da outra: por unha banda, poden acceder aos contidos das actividades sen máis trámite que o de inscribirse na zona de matrícula da EGAP, tal e como se prevé no anexo I. Por outra banda, poden solicitar presentarse ás probas de avaliación reguladas no anexo II que lles ofrecen a posibilidade de acreditar a súa competencia mediante a obtención dun certificado de equivalencia.



Cómpre ter en conta que o acceso aos contidos non implica a obriga de presentarse ás probas de avaliación, nin é tampouco un requisito para matricularse nelas, pero só as persoas que se matriculen nestas probas e as superen teñen dereito a obter un certificado de equivalencia, que ten o mesmo valor que un de aproveitamento. En concreto, as probas de avaliación superadas nesta modalidade de formación valoraranse conforme o que establezan as bases dos concursos que convoque, no seu día, a Dirección Xeral da Función Pública.

Por todo o exposto, e en execución do Plan de formación 2022 da EGAP,

RESOLVO:

Convocar as actividades do Programa de autoformación que figuran nesta resolución, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas nos anexo I e II.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2022

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

Contidos das actividades do programa de autoformación

Bases

Primeira. *Actividades*

1. As actividades do Programa de autoformación son as seguintes:

Código	Actividade
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa	
AF22001	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos. Contidos
AF22041	Correo electrónico corporativo. Contidos
AF22053	Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Contidos
AF22105	Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc). Contidos
AF22107	Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer). Contidos



Código	Actividade
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades	
AF22031	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Contidos
AF22033	Básico en prevención de riscos laborais. Contidos
AF22035	Cambio e motivación nas organizacións. Contidos
AF22037	Como deseñar presentacións eficaces. Contidos
AF22045	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano. Contidos
AF22047	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas. Contidos
AF22049	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero. Contidos
AF22073	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública. Contidos
AF22075	Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais. Contidos
AF22087	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos. Contidos
AF22089	Prevención e xestión de conflitos. Contidos
AF22101	Técnicas elementais de arquivos. Contidos
AF22103	Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos. Contidos
Plan formativo ofimático de Galicia	
AF22011	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base). Contidos
AF22013	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019). Contidos
AF22015	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc). Contidos
AF22017	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019). Contidos
AF22019	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer). Contidos
AF22021	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019). Contidos
AF22023	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress). Contidos
AF22025	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019). Contidos
AF22097	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9). Contidos
AF22099	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows 10). Contidos
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas	
AF22003	A protección do menor ante os medios de comunicación. Contidos
AF22005	A responsabilidade patrimonial da Administración pública. Contidos
AF22007	A xurisdición contencioso-administrativa. Contidos
AF22027	Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia. Contidos



Código	Actividade
AF22029	Básico de subvencións e normativa aplicable. Contidos
AF22039	Contratación estratéxica. Contidos
AF22043	Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Contidos
AF22051	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia. Contidos
AF22057	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Contidos
AF22059	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Contidos
AF22061	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contidos
AF22063	Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Contidos
AF22065	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Contidos
AF22067	Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. Contidos
AF22069	Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Contidos
AF22071	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Contidos
AF22077	O exercicio da competencia administrativa na Lei 40/2015, do 1 de outubro. Contidos
AF22079	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral. Contidos
AF22081	Os contratos do sector público. Contidos
AF22083	Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación. Contidos
AF22085	Prestacións da Seguridade Social e cotizacións. Contidos
AF22091	Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público. Contidos
AF22093	Revisión dos actos en vía administrativa. Contidos
AF22095	Réxime disciplinario do empregado público de Galicia. Contidos
AF22109	Xestión de indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica. Contidos
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios	
AF22009	Acción exterior das administracións públicas galegas: Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Contidos
AF22055	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito. Contidos

2. Cada unha das actividades está composta de contidos multimedia actualizados, material complementario e, debido a que non existe a figura do/da titor/a, cuestionarios de corrección automática, que facilitan unha aprendizaxe autónoma máis efectiva.



Segunda. Acceso aos contidos

1. Todo o persoal destinado nas administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da comunidade autónoma, así como o persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e, concretamente, na base primeira do anexo II, pode acceder aos contidos das actividades do Programa de autoformación, sen pasar por un proceso de selección, inscribíndose na zona de matrícula da EGAP, no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.

2. A inscrición para o acceso aos contidos pode facerse en calquera momento a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Poderase acceder aos ditos contidos na aula virtual da EGAP a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e ata o 20 de decembro de 2022, agás para os contidos sobre a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que estarán dispoñibles a partir do 1 de xullo de 2022, e os contidos sobre acción exterior das administracións públicas galegas: Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, e sobre a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, que estarán dispoñibles a partir do día 1 de outubro de 2022.

Os/as participantes deberán dispoñer do software que se poida requirir na actividade convocada.

3. Cada persoa determinará libremente o número de actividades en que queira inscribirse e mais o período durante o cal vai traballar na actividade ou actividades do Programa de autoformación elixidas.

4. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a inscrición. As dúbidas, dificultades técnicas e peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 53 y 981 54 63 35 ou no enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal> en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 h).

5. Unha vez inscrita, a persoa recibirá unha mensaxe de correo electrónico de confirmación e despois poderá acceder aos contidos da actividade ou actividades na aula virtual, no enderezo <<https://egap.xunta.gal/aulavirtual>>.



6. O acceso aos contidos das actividades do programa de autoformación non implica a obriga de presentarse ás probas de avaliación reguladas no anexo II, nin é tampouco un requisito para matricularse nelas.

7. O acceso aos contidos das actividades do Programa de autoformación non dá dereito á expedición do certificado regulado na base oitava do anexo II.

ANEXO II

Probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación

Bases

Primeira. *Participación nas probas*

1. Pode participar nas probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación o persoal destinado nas administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, así como o persoal da Administración de xustiza de Galicia e de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), que non se encontre en situación de servizos noutras administracións públicas diferentes das que sexan obxecto desta convocatoria, excedencia voluntaria e suspensión de funcións, e reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos neste anexo II. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e o persoal do Servizo Galego de Saúde; non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. *Prazas convocadas, horas certificadas, datas, lugar e horario*

As probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación desenvolveranse en liña de acordo coa seguinte táboa:

Código	Denominación	Prazas	Horas	Data e hora do exame
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
AF22002	A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos. Proba de avaliación	200	25	16.9.2022 18.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Data e hora do exame
AF22042	Correo electrónico corporativo. Proba de avaliación	200	12	12.9.2022 18.30 h
AF22054	Introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Proba de avaliación	200	30	13.9.2022 16.30 h
AF22106	Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc). Proba de avaliación	200	50	26.9.2022 18.00 h
AF22108	Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer). Proba de avaliación	200	50	26.9.2022 16.30 h
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
AF22032	Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Proba de avaliación	200	20	23.9.2022 17.30 h
AF22034	Básico en prevención de riscos laborais. Proba de avaliación	200	50	12.9.2022 16.30 h
AF22036	Cambio e motivación nas organizacións. Proba de avaliación	200	15	21.9.2022 18.30 h
AF22038	Como deseñar presentacións eficaces. Proba de avaliación	200	20	11.10.2022 18.30 h
AF22046	Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano. Proba de avaliación	200	30	16.9.2022 17.30 h
AF22048	Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas. Proba de avaliación	200	20	4.10.2022 17.30 h
AF22050	Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero. Proba de avaliación	200	20	13.9.2022 17.30 h
AF22074	Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública. Proba de avaliación	200	30	19.9.2022 16.30 h
AF22076	Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais. Proba de avaliación	200	20	15.9.2022 18.30 h
AF22088	Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos. Proba de avaliación	200	15	4.10.2022 18.30 h
AF22090	Prevención e xestión de conflitos. Proba de avaliación	200	25	4.10.2022 16.30 h
AF22102	Técnicas elementais de arquivos. Proba de avaliación	200	25	22.9.2022 17.30 h
AF22104	Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos. Proba de avaliación	200	15	21.9.2022 19.30 h
Plan formativo ofimático de Galicia				
AF22012	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base). Proba de avaliación	200	50	28.9.2022 16.30 h
AF22014	Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019). Proba de avaliación	200	50	28.9.2022 18.00 h
AF22016	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc). Proba de avaliación	200	50	29.9.2022 16.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Data e hora do exame
AF22018	Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019). Proba de avaliación	200	50	29.9.2022 18.00 h
AF22020	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer). Proba de avaliación	200	30	30.9.2022 16.30 h
AF22022	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019). Proba de avaliación	200	30	30.9.2022 18.00 h
AF22024	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress). Proba de avaliación	200	30	27.9.2022 16.30 h
AF22026	Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019). Proba de avaliación	200	30	27.9.2022 18.00 h
AF22098	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9). Proba de avaliación	200	30	3.10.2022 18.00 h
AF22100	Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows 10). Proba de avaliación	200	30	3.10.2022 16.30 h
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas				
AF22004	A protección do menor ante os medios de comunicación. Proba de avaliación	200	30	14.9.2022 16.30 h
AF22006	A responsabilidade patrimonial da Administración pública. Proba de avaliación	200	30	15.9.2022 16.30 h
AF22008	A xurisdición contencioso-administrativa. Proba de avaliación	200	25	19.9.2022 18.30 h
AF22028	Aspectos básicos da xestión do persoal: a Función Pública de Galicia. Proba de avaliación	200	25	20.9.2022 17.30 h
AF22030	Básico de subvencións e normativa aplicable. Proba de avaliación	200	30	16.9.2022 16.30 h
AF22040	Contratación estratéxica. Proba de avaliación	200	35	12.9.2022 17.30 h
AF22044	Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Proba de avaliación	200	20	12.9.2022 19.30 h
AF22052	Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia. Proba de avaliación	200	18	19.9.2022 19.30 h
AF22058	Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Proba de avaliación	200	20	23.9.2022 16.30 h
AF22060	Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Proba de avaliación	200	20	14.9.2022 17.30 h
AF22062	Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Proba de avaliación	200	25	21.9.2022 16.30 h
AF22064	Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Proba de avaliación	200	25	15.9.2022 17.30 h
AF22066	Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Proba de avaliación	200	25	22.9.2022 16.30 h



Código	Denominación	Prazas	Horas	Data e hora do exame
AF22068	Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. Proba de avaliación	200	25	12.12.2022 17.30 h
AF22070	Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Proba de avaliación	200	25	11.10.2022 17.30 h
AF22072	Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social. Proba de avaliación	200	20	23.9.2022 18.30 h
AF22078	O exercicio da competencia administrativa na Lei 40/2015, do 1 de outubro. Proba de avaliación	200	25	21.9.2022 17.30 h
AF22080	O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral. Proba de avaliación	200	20	15.9.2022 19.30 h
AF22082	Os contratos do sector público. Proba de avaliación	200	30	19.9.2022 17.30 h
AF22084	Os convenios de colaboración: elaboración e tramitación. Proba de avaliación	200	20	22.9.2022 18.30 h
AF22086	Prestacións da seguridade social e cotizacións. Proba de avaliación	200	30	20.9.2022 16.30 h
AF22092	Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público. Proba de avaliación	200	25	11.10.2022 16.30 h
AF22094	Revisión dos actos en vía administrativa. Proba de avaliación	200	25	20.9.2022 18.30 h
AF22096	Réxime disciplinario do empregado público de Galicia. Proba de avaliación	200	15	20.9.2022 19.30 h
AF22110	Xestión de indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica. Proba de avaliación	200	25	14.9.2022 18.30 h
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios				
AF22010	Acción exterior das administracións públicas galegas: Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Proba de avaliación	200	30	12.12.2022 16.30 h
AF22056	Introdución á Unión Europea e ao seu dereito. Proba de avaliación	200	24	13.9.2022 18.30 h

Terceira. *Solicitudes de participación*

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 31 de maio de 2022.

2. As solicitudes de participación nas probas de avaliación só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.



3. O número máximo de probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación que se poden solicitar durante o prazo de presentación de solicitudes límitase a cinco.

4. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

5. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude ou non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección.

6. As persoas interesadas en recibiren mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

7. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) de acordo cos criterios de selección poden remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación debe enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario, só se terán en conta os datos achegados por correo electrónico. A documentación debe presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

8. Cando nalgunha das probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación non haxa un número suficiente de solicitantes que cumpra os requisitos, a EGAP poderá abrir un novo prazo de presentación de solicitudes na súa páxina web.

9. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, dificultades técnicas e peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 53 e 981 54 63 35 ou no enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal> en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 h).



Cuarta. Comprobación de datos

1. Conforme o disposto no artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para a tramitación do procedemento de selección consultaránse automaticamente os datos das persoas solicitantes das accións formativas necesarios para realizar o proceso de selección, salvo que a persoa interesada se opuxese a iso. Neste caso, a persoa interesada deberá indicalo incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar, ademais, unha copia dos documentos a cuxa consulta se opón a través do seguinte enderezo electrónico: xestion.egap@xunta.gal

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo expresamente incluíndo os motivos de oposición relacionados coa súa situación particular e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración a través do seguinte enderezo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A EGAP poderá pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios recollidos nesta convocatoria.

Quinta. Criterios de selección

1. Con carácter xeral, a selección realizarase de acordo co previsto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro).

2. Para os efectos do previsto no punto segundo da citada resolución, o baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos que 60 están vinculados ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e os 40 restantes á antigüidade na Administración.

3. Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de



Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo). Para o ano 2022, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), comezarase pola letra T.

Sexta. Publicación da relación do persoal seleccionado

1. Para cada proba de avaliación das actividades do Programa de autoformación a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas seleccionadas para participar na dita proba, así como un número adecuado de reservas, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación, de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de espera.

2. Logo de transcorrer o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas na proba. Contra esta listaxe poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Cambios ou substitucións na selección e renuncia

1. Cambios ou substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. Renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

– Por causa de forza maior suficientemente acreditada.



– Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.

– Por razóns de conciliación familiar.

– Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación dun mes con respecto á data da proba de avaliación. Na páxina web da Escola está dispoñible un modelo de renuncia.

Para isto poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>.

As persoas que incumpran o previsto nas letras a) e b) pasarán ao final das listaxes de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

Oitava. *Desenvolvemento das probas de avaliación*

1. Para superar as probas de avaliación, o alumnado deberá responder de forma correcta un 60 % das preguntas do exame, que será de tipo test. As respostas incorrectas non descontarán acertos.

2. Para poder facer a proba de avaliación, cada participante debe lembrar o contrasinal que lle permite entrar na aula virtual, que coincide co que lle dá acceso á zona de matrícula.

3. Non se autoriza o uso de dispositivos electrónicos durante o desenvolvemento das probas de avaliación.

4. As persoas seleccionadas que non realicen as probas de avaliación pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.



Novena. *Certificado de equivalencia*

1. As persoas que superen a proba de avaliación obterán o correspondente certificado de equivalencia.

2. Este certificado equivale a un certificado de aproveitamento polas horas previstas na correspondente actividade do Programa de autoformación. Estas actividades formativas valoraranse conforme establezan as bases dos concursos que convoque, no seu día, a Dirección Xeral da Función Pública.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. Correspóndelle á EGAP dispor canto sexa necesario para o cumprimento do previsto nesta convocatoria e para a resolución das incidencias que se produzan. Tendo en conta as circunstancias relativas á organización das probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación, a EGAP pode modificar o desenvolvemento, os contidos e as datas das probas e mesmo suprimilas.

2. A EGAP pode suspender ou cancelar as probas de avaliación das actividades do Programa de autoformación en que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas. As persoas afectadas disporán de toda a información no enderezo <<https://egap.xunta.gal>>. A información tamén se enviará por correo electrónico e, no caso das persoas que facilitasen o correspondente número, por telefonía móbil.

3. A execución material de todo o previsto nesta resolución queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e mais á correspondente autorización do gasto.

4. A EGAP garantirá, na totalidade das actividades derivadas desta convocatoria, a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.

